

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Díaz Redondo, Rebeca P.
Formella, Arno
Mociño González, María Isabel
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes

PDI-A

López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela

PAS

Mollinedo Lois, Carlos
CONSELLO SOCIAL
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
García Eirín, José Manuel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Anaya Revuelta, Inmaculada
Duran Barbosa, Rafael
Lorenzo González, María de las Nieves
Pazos Currás, Marta María
Torres Romay, Emma

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 10 de outubro de 2025, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 10 de outubro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 0014 111LL00 625 á aplicación 2025 0014 111LL00 22699 por importe de 8.000,00€.
4. Aprobación, se procede, da ampliación de aportación de capital social, no seu caso, e aprobación da incorporación da Universitat de Barcelona a SIGMA.
5. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón duns equipos pola Fundación FAIMEVI.
6. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público 2025.
7. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria dunha praza de CU de mobilidade no departamento de Química Orgánica.
8. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 5 prazas de TU do cupo correspondente ao 15 % da OEP do 2023, e delegación na COAP da convocatoria de mobilidade asociada.
9. Aprobación, se procede, da selección de unidades docentes/áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de PPL, e da creación das prazas correspondentes.
10. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2026/27.
11. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo para o exercicio 2026.
12. Aprobación, se procede, dos criterios da produción de investigación e transferencia do ano 2025.
13. Aprobación, se procede, do cambio de nome do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE).
14. Aprobación, se procede, da substitución de Enrique Varela Álvarez por Pablo Cabanelas Lorenzo como vogal na Comisión de Publicacións.
15. Aprobación, se procede, do nomeamento en substitución dun membro da Comisión de permanencia e progreso no sector de directores/as-decanos/as.
16. Aprobación, se procede, da corrección de erros no Regulamento de Recoñecemento e Transferencia de Créditos Académicos nas Titulacións Oficiais de Grao e de Mestrado da Universidade de Vigo.

17. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do artigo 8.1 c) do Regulamento de prácticas externas do estudantado da Universidade de Vigo.
18. Aprobación, se procede, do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.
19. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao 2024.
20. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento dun membro da Comisión de Relacións Internacionais, sector estudantes.
21. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:
 - 1 PAS
 - 1 estudante do ámbito Campus do Mar
22. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2025.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Margarita Salas e María Zambrano. Resposta negativa, seguiremos co previsto (reclamación ao Ministerio).
- Readmisión de dous traballadores en función de mandatos xudiciais.
- Titulación de dereito na UIE. Solicitud feita polo Consejo de Universidades (Permanente) de información á Xunta de Galicia: acción coordinada das tres universidades e os catro decanatos galegos.
- Negociación do primeiro convenio colectivo para o persoal investigador e o persoal de apoio á investigación.
- Teses en cotutela con universidades arxentinas.
- Retomáronse os traballos en Comisión de Estatutos.
- Seguimos negociando coa Xunta de Galicia e co Celta de Vigo para non ter títulos, mediante un pacto cunha universidade privada, que entren en conflito coa nosa universidade. Espérase chegar a un acordo para ter títulos co Celta de Vigo mediante convenio de adscrición, títulos negociados baixo acordo.
- A Xunta de Galicia cedeu de modo gratuíto o edificio Morse e Enfermería.
- Estado das prazas de PDI: Prazas de AXD do programa María Goyri (42 prazas convocadas). Prazas de AXD do contrato-Programa do 2025 (36 prazas convocadas). Prazas MG 2025 (6 prazas): en fase de avaliación polas comisións de avaliación. Prazas PPL (32 prazas). Prazas TU (31 prazas). Prazas CU (30 prazas). AS2501 (21 prazas). LA2408: 14 reclamadas en espera de avaliación pola comisión de reclamacións, e 4 reclamadas en espera do informe da CEA. LA2409: en fase de avaliación.

Intervén a continuación Virxilio Rodríguez. Fai unha pregunta en relación co persoal traballador Margarita Salas e María Zambrano, xa que tiveron que soportar as cotas, gravosas, cando agora os tribunais danlle a razón, por iso quere saber cal foi o motivo, prexudicial para os traballadores, para que tiveran que soportar esa cota durante unha serie de meses, xa que foi unha decisión do equipo de goberno. A segunda pregunta ten relación cos dous traballadores readmitidos. É unha información moi parca a que se proporcionou e quere mais información, entende que son dous ceses cualificados de nulos, o que obriga a readmitilos. Cales son as consecuencias económicas desa readmisión?, entende que será gravosa para a universidade. O reitor responde que unha delas estaba traballando xa dentro da universidade, e que o que se reconece é que é unha praza estrutural. A outra persoa tiña un contrato de alta dirección e levaba moito tempo traballando con equipos anteriores. Cando o reitor gañou as primeiras eleccións non pensaba incorporar a ninguén do equipo anterior, pero un número elevado de PTXAS pedíralle que se quedara. O seu contrato rematou cando rematou o primeiro mandato do equipo reitoral. Espera que a súa incorporación sexa negociada e normal, con absoluta tranquilidade de acordo co ditado polo xuíz, o que nos vai a obrigar a medio prazo a facer unha remuda da relación de postos de traballo, tamén de novo con normalidade. A cantidade afortunadamente podemos incluso aprovisionala pola fortaleza económica da nosa institución.

O reitor comenta con respecto as prazas Margarita Salas e María Zambrano, convocatoria feita con fondos de resiliencia, que o Ministerio asegurou no seu día que ía ser totalmente gratuíto para a nosa universidade, sen compromiso algún de que tiveran que quedar despois na nosa institución. Fixemos o mesmo que o resto das universidades españolas que se acolleron a estas prazas, quizais con algunha diferenza, porque algúns traballadores quedaron na Universidade de Vigo. O risco avaliouese na CRUE, sobre cal era a resposta que se debería dar. Quen ten que subministrar eses cartos ten que ser o Ministerio. Puidemos no seu día non convocar ningunha praza, pero decidimos correr con ese risco para poder traer talento de fóra.

Intervén de novo Virxilio para comentar, en relación coas prazas Margarita Salas y María Zambrano, que se percorreu un longo camiño, chegando ata o Supremo. No caso dos dous traballadores, como non son sentenzas firmes, imos recorrer ou non?. O reitor responde que de acordo coa Asesoría Xurídica, imos readmitilos pero interpoñendo o recurso pertinente.

3. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria 2025 0014 111LL00 625 á aplicación 2025 0014 111LL00 22699 por importe de 8.000,00€.

O reitor informa sobre a transferencia de crédito prevista, de acordo coa documentación remitida coa convocatoria aos membros de Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da ampliación de aportación de capital social, no seu caso, e aprobación da incorporación da Universitat de Barcelona a SIGMA

O reitor informa sobre a ampliación de aportación de capital social, no seu caso, e aprobación da incorporación da Universitat de Barcelona a SIGMA, facendo en primeiro lugar un relatorio co proceso de incorporación a SIGMA e o protocolo previsto, que implica que todos os socios teñan

que aceptar a nova incorporación. A documentación a teñen coa convocatoria os membros de Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

5. Elevación, se procede, ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón duns equipos pola Fundación FAIMEVI.

O reitor informa da doazón prevista, contida na documentación remitida aos membros do Consello de Goberno, solicitando a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público 2025,

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen informa de 72 prazas potenciais para convocar na OEP do ano 2025:

72 prazas potenciais para convocar na OEP do ano 2025

Persoal docente e investigador dos corpos docentes universitarios

Categoría	Prazas
Profesorado Catedrático de universidade	1 praza (15%) destinada á incorporación de persoal investigador doutor que haxa obtido o certificado R3 de conformidade co artigo 22.3 da Ley de la Ciencia, ou haxa superado unha avaliación equivalente a do Programa de Incentivación de la Incorporación e Intensificación de la Actividad Investigadora (I3)

Categoría	Prazas
Profesorado titular de universidade	39 (9 prazas (15%) destinaranse á incorporación de persoal investigador doutor que haxa obtido o certificado R3 de conformidade co artigo 22.3 da Ley de la Ciencia, ou haxa superado unha avaliación equivalente a do Programa de Incentivación de la Incorporación e Intensificación de la Actividad Investigadora (I3))

72 prazas potenciais para convocar na OEP do ano 2025

Persoal docente e investigador contratado doutor

Categoría	Prazas
Profesor Permanente Laboral	32

Quenda de promoción interna

En aplicación do disposto no artigo 62.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, inclúense na OEP para o ano 2025 as seguintes prazas polo procedemento de promoción interna:

Categoría	Prazas
Catedrático/a de universidade	30

Universidade de Vigo



72 prazas potenciais para convocar na OEP do ano 2025

O artigo 59 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prevé a reserva dunha cota non inferior ao 7 % das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no punto 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade, así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións, polo que, **para dar cumprimento ao establecido no punto anterior, nas ofertas para acceso libre resérvase unha porcentaxe do 7 % para ser cuberto por persoas que acrediten discapacidade.**

Nas probas selectivas, incluíndo os cursos selectivos ou o período de prácticas, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As prazas reservadas para as persoas con discapacidade xeral que quedasen desertas nos procesos selectivos poderanse acumular á quenda xeral.

Universidade de Vigo



O reitor cede a palabra á xerente quen informa, na OEP 2025, con respecto á taxa de reposición e despois de negocialo na mesa, de 15 prazas de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, serán 3 para conserxes, na quenda de promoción interna, 2 técnicos informáticos C1 na quenda libre, e 10 ATXS, 9 na quenda libre, e 1 na quenda de discapacidade.

A continuación intervén a vicerreitora de Profesorado para concretar que esta OEP foi aprobada na mesa de negociación por asentimento, non houbo un voto particular, pero si un ‘que conste en acta’ por parte de Miguel Cuevas, e tamén na COAP por parte de Rosa Pérez e José Montero, respecto da praza de catedrático de universidade do 15%.

Seguidamente toma a palabra Rosa Pérez para dicir que o que quere é unha corrección lingüística, que poña “que obtivese” en vez de que ‘haxa obtido’, ou que teña obtido. Así se fará.

Intervén Miguel Cuevas para explicar o seu parecer na mesa de negociación, quere dicir que o 15% non lle parece mal, xa que hai que estabilizar ao persoal investigador, pero o que sorprendía é que teñamos profesorado noso, da nosa universidade, como sucede por exemplo cun profesor contratado doutor da súa facultade que ten 6 sexenios, acreditado a cátedra, pero que non ten posibilidade ningunha de chegar a ser catedrático, polo menos ata o de agora, porque a lei ten un certo vaivén entre o que di a LOSU e outras normativas. Fala de facer posible un proxecto non de lei para arranxar este tema dalgún xeito. A vicerreitora di que se está traballando niso.

A continuación toma a palabra Carlos Mollinedo para dicir que está sorprendido pola información sobre dúas prazas reclamadas xudicialmente na universidade, sabía dunha pero non da outra. Cre que pode afectar ás negociacións da oferta de emprego e da RPT da Universidade de Vigo. No que respecta ao tema de hoxe, unha vez máis pasa para aprobación neste órgano unha oferta de emprego, esta vez si con tempo suficiente para poder negociala, pero ven, tanto a de PTXAS como a de PDI, carecendo de memoria orzamentaria, polo tanto votará en contra desta proposta. Esta oferta chegou a este órgano sen negociación, sen negociación de políticas de mellora para o colectivo de PTXAS. Carecen de información necesaria, non vai orzamentada, polo tanto, sen eses datos, sen proposta de mellora, terá voto desfavorable.

A xerente intervén para dicir que non están os custos salariais porque se axusta á taxa de reposición, evidentemente. Con respecto á negociación, é máis discutible. Polo menos a de PDI superou a mesa. A de PTXAS presentouse en xullo, e a contraproposta fíxose con moi pouco tempo para poder abordalo, hora e media antes do peche da negociación, o que o fixo imposible. A proposta por parte deles foi extemporánea.

Votos:

A favor: 27

En contra: 1

Abstencións: 4.

Apróbase por maioría.

Con respecto á pregunta de José Rúas e a posible renovación das listas, por suposto que se fará a renovación das listaxes a finais de ano, antes de proceder á convocatoria das prazas previstas.

7. Aprobación, se procede, da convocatoria dunha praza de CU de mobilidade no Departamento de Química Orgánica.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de profesorado e ordenación académica, quen presenta a seguinte convocatoria:

Convocatoria dunha praza de catedrático de universidade (CU) de mobilidade no Departamento de Química Orgánica

Aprobación da convocatoria da praza de CU de mobilidade de Félix Manuel Freire Iribarne, da USC, no Departamento de Química Orgánica da UVigo



TÍTULO DE FUNCIONARIO DE CARRERA

D. FELIX MANUEL FREIRE IRIBARNE
ha sido nombrado FUNCIONARIO DE CARRERA con efectos de 16/10/2023 de
C.CATEDRÁTICAS Y CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDAD

por Resolución de 03 de octubre de 2023
(B.O.E. de 13 de octubre de 2023)

con el Número de Registro de Personal 5311195146 A0500

En su virtud, expido el presente Título que le habilita para ejercer las funciones
propias de su condición de funcionario, con los deberes y derechos establecidos en
las Leyes.



TF: 53111951 16102023

REGISTRO CENTRAL DE PERSONAL

Según los datos que constan en el nombramiento de este, la titular del presente Título, ha sido destinada/a al puesto de trabajo que a continuación se indica, quedando inscrita en el Registro Central de Personal

1. DATOS DEL FUNCIONARIO

NIP: 53111951 NIP: 5311195146 A0500
APELLIDOS Y NOMBRE: FREIRE IRIBARNE, FELIX MANUEL
TIPO DE RELACIÓN DE SERVIDOR: FUNCIONARIO DE CARRERA [1A]
CUERPO O ESCALA: CATEDRÁTICAS Y CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDAD [02010]
GRUPO/SUBGRUPO: [A1] ESPECIALIDAD: [1]
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA: PENDIENTE DE POSESIÓN [2P]
MODALIDAD: PENDIENTE DE POSESIÓN [2P]

2. DATOS DEL PUESTO DE TRABAJO

DESIGNACIÓN: [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1]
UNIVERSIDAD: UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1] [1]
CENTRO DOCENTE DE DESTINO: FACULTAD DE BIOLOGÍA [02010]
ÁREA DE CONOCIMIENTO: QUÍMICA ORGÁNICA [17013]
DEPARTAMENTO: QUÍMICA ORGÁNICA [02013]
DEDICACIÓN: TIEMPO COMPLETO, 6 HORAS LECTIVAS SEMANALES [10000]
PROVINCIA: A CORUÑA [113] LOCALIDAD: SANTIAGO DE COMPOSTELA [11000]
PROV. RESIDENCIA: [1] LOC. RESIDENCIA: [1]
COMPLEMENTO ESPECÍFICO: NIVEL: [113]

3. DATOS DEL NOMBRAMIENTO

FECHA DE LA RESOLUCIÓN DE NOMBRAMIENTO: 03 DE OCTUBRE DE 2023
FECHA DE EFECTOS DEL NOMBRAMIENTO: 16 DE OCTUBRE DE 2023

Universidade de Vigo



Convocatoria dunha praza de catedrático de universidade (CU) de mobilidade no Departamento de Química Orgánica


Artigo 72. Concursos de mobilidade do profesorado

1. As universidades poderán convocar concursos de mobilidade para a provisión de prazas docentes vacantes dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos. Estas convocatorias publicaranse no BOE e no diario oficial da comunidade autónoma correspondente, e deberán conter, como mínimo, criterios de valoración de carácter curricular para a adxudicación das prazas vacantes.
2. Poderá participar nos concursos de provisión de vacantes quen desempeñara durante polo menos dous anos o posto de orixe e sexa funcionario/a profesor/a TU para os postos de profesor/a TU e funcionario/a CU para os postos de CU, así como o persoal investigador dos organismos públicos de investigación (OPI) das categorías que se determinen nas convocatorias, sempre que contén coa acreditación correspondente.
3. A praza obtida tras o concurso de provisión de postos deberá desempeñarse durante polo menos dous anos, antes de poder participar nun novo concurso para obter unha praza distinta nesa ou noutra universidade.
4. As prazas vacantes cubertas nestes concursos, en tanto non supoñen ingreso de novo persoal, non computarán para os efectos da oferta de emprego público.

Universidade de Vigo



Convocatoria dunha praza de catedrático de universidade (CU) de mobilidade no Departamento de Química Orgánica



Universidade de Vigo



Ten a aprobación da mesa de negociación e da COAP.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 5 prazas de TU do cupo correspondente ao 15 % da OEP do 2023, e delegación na COAP da convocatoria de mobilidade asociada.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta a creación e convocatoria das seguintes prazas:

Selección de áreas de coñecemento para a creación de prazas de TU con cargo ao cupo do 15 % da OEP de 2023

PRAZA ORIXE	Requisitos básicos	DEPARTAMENTO	ÁREA	CENTRO
Ramón y Cajal	I3/R3 e acreditación a TU	C01-Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde	A0050-Bioloxía Celular	Facultade de Bioloxía
Ramón y Cajal	I3/R3 e acreditación a TU	H05-Historia, Arte e Xeografía	A0033-Arqueoloxía	Facultade de Historia
Retención UVigo	I3/R3 e acreditación a TU	C01-Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde	A0630-Microbioloxía	Facultade de Bioloxía
María Zambrano + Consolidación	I3/R3 e acreditación a TU	T08-Física Aplicada	A0398-Física da Terra	Facultade de Ciencias do Mar
Beatriz Galindo + Consolidación	I3/R3 e acreditación a TU	T04-Enxeñaría Química	A0555-Enxeñaría Química	Escola de Enxeñaría Industrial

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da selección de unidades docentes/áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de PPL, e da creación das prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen trae a aprobación de numerosas prazas:

**Saída a concurso de 48 prazas de PPL:
44 por antigüidade na acreditación e 4 discrecionais**

Áreas seleccionadas para PPL				
C. Área	Área	Dpto.	Departamento	Campus
A0755	QUÍMICA FÍSICA	C11	QUÍMICA FÍSICA	Vigo
A0105	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra
A0130	DEREITO CIVIL	00X02	DEREITO PRIVADO	Vigo
A0775	SOCIOLOXÍA	00X11	SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	Ourense
A0070	CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN	00X11	SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	Pontevedra
A0160	DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO E RELACIÓNS INTERNACIONAIS	00X03	DEREITO PÚBLICO	Vigo
A0260	ESCALURA	00H07	ESCALURA	Pontevedra
A0590	MAQUINAS E MOTORES TÉRMICOS	00T03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUIDOS	Vigo
A0805	TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN	00X01	ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA	Ourense
A0805	TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN	00X01	ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA	Ourense
A0375	FILOSOFÍA	00X11	SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	Ourense
A0195	DIDÁCTICA DA LINGUA E A LITERATURA	00X05	DIDÁCTICAS ESPECIAIS	Ourense
A0105	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	00X14	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	Pontevedra
A0140	DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL	00X13	DEREITO PÚBLICO ESPECIAL	Vigo
A0215	DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR	00X04	DIDÁCTICA, ORGANIZACIÓN ESCOLAR E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN	Pontevedra

Universidade de Vigo



A vicerreitora comenta que trae unha praza de discapacidade, na área de dereito civil, do Departamento de Dereito Privado.

**Saída a concurso de 48 prazas de PPL:
44 por antigüidade na acreditación e 4 discrecionais**

Áreas seleccionadas para PPL				
C. Área	Área	Dpto.	Departamento	Campus
A0413	FISIOTERAPIA	00C01	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE	Pontevedra
A0065	CIENCIA DOS MATERIAIS E ENXEÑARÍA METALÚRXICA	00T05	ENXEÑARÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN	Ourense
A0413	FISIOTERAPIA	00C01	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE	Pontevedra
A0735	PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN	00X10	PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN	Ourense
A0520	ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	00T07	ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	Ourense
A0135	DEREITO CONSTITUCIONAL	00X03	DEREITO PÚBLICO	Vigo
A0600	MECÁNICA DE FLUIDOS	00T03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUIDOS	Vigo
A0600	MECÁNICA DE FLUIDOS	00T03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUIDOS	Vigo
A0375	FILOSOFÍA	00X11	SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	Ourense
A0015	ANÁLISE MATEMÁTICO	00C06	MATEMÁTICAS	Ourense
A0150	DEREITO FINANCIERO E TRIBUTARIO	00X13	DEREITO PÚBLICO ESPECIAL	Vigo
A0065	CIENCIA DOS MATERIAIS E ENXEÑARÍA METALÚRXICA	00T05	ENXEÑARÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN	Vigo
A0690	PINTURA	00H06	PINTURA	Pontevedra
A0185	DEBUXO	00H09	DEBUXO	Pontevedra
A0675	PERIODISMO	00X10	PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN	Pontevedra
A0187	DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN CORPORAL	00X05	DIDÁCTICAS ESPECIAIS	Pontevedra
A0520	ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	00T07	ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	Vigo
A0650	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS	00X09	ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MARKETING	Vigo

Universidade de Vigo



Saída a concurso de 48 prazas de PPL:
44 por antigüidade na acreditación e 4 discrecionais

Áreas seleccionadas para PPL				
C. Área	Área	Dpto.	Departamento	Campus
A0500	ENXEÑARÍA AGROFORESTAL	00T06	ENXEÑARÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE	Pontevedra
A0230	ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	00X07	ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	Vigo
A0200	DIDÁCTICA DA MATEMÁTICA	00C06	MATEMÁTICAS	Ourense
A0193	DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN PLÁSTICA	00X05	DIDÁCTICAS ESPECIAIS	Ourense
A0265	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	00C05	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	Pontevedra
A0495	ENXEÑARÍA AEROESPACIAL	00T03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUIDOS	Ourense
A0075	CIENCIA DA COMPUTACIÓN E INTELIXENCIA ARTIFICIAL	00T15	INFORMÁTICA	Ourense
A0335	FILOLOXÍA FRANCESA	00H04	FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMANA	Vigo
A0175	DEREITO PROCESAL	00X03	DEREITO PÚBLICO	Vigo
A0495	ENXEÑARÍA AEROESPACIAL	00T03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUIDOS	Ourense
A0600	MECÁNICA DE FLUIDOS	00T03	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUIDOS	Vigo
A0260-P	ESCULTURA	00H07	ESCULTURA	Pontevedra
A0260-P	ESCULTURA	00H07	ESCULTURA	Pontevedra
A0185-P	DEBUXO	00H09	DEBUXO	Pontevedra
A0385-V	FÍSICA APLICADA	00T08	FÍSICA APLICADA	Vigo

Universidade de Vigo



Saída a concurso de 48 prazas de PPL:
44 por antigüidade na acreditación e 4 discrecionais

Dpto.	Unidade docente	PRAZAS DISCRECIONAIS	FOLGURAS	Situación da área	CARGA SIGNIFICATIVA EN NOVOS GRAOS
H07	0260-P	2 PPL	-869	-1409 en 2 anos	Área en perigo polas xubilacións. Necesidade de atraer talento.
H09	0185-P	1 PPL	-1076	11 substitutos e 14 asociados, sen posdocs e só un predoc	Medra polo Grao en Deseño. Necesidade de atraer talento.
T08	0385-V	1 PPL	-500	Xubilacións recentes, con 600 horas impartidas por substitutos	

Universidade de Vigo



Saída a concurso de 48 prazas de PPL:
43 por antigüidade na acreditación e 5 discrecionais

Nome e apelidos	Dpto	Área	Figura	Xubil. forzosa	Situación
Estarque Casas, Fernando	H07	A0260	PCD	2015-2016	
Fernández Olivera, María Luisa	H07	A0260	TU	2025-2026	
Herranz Pascual, María Yolanda	H07	A0260	CU	2026-2027	ago-27
Fariña Busto, María José	H07	A0260	ASO	2026-2027	anticipada
Barcia Rodríguez, Ignacio Fernando	H07	A0260	TU	2029-2030	?
Loeck Hernández, Juan	H07	A0260	TU	2029-2030	ago-26
Moraza Pérez, Juan Luís	H07	A0260	TU	2029-2030	anticipada
Tudela Sáenz de Pipaón, Francisco Javier	H07	A0260	TU	2029-2030	ago-26
Novgíl González-Anleo, Xoán Manuel	H07	A0260	PCD	2029-2030	anticipada
Román Redondo, Juan Carlos	H07	A0260	TU	2030-2031	ago-27
Bermejo Arrieta, María Natividad	H07	A0260	TU	2030-2031	
Ortuzar González, Mónica	H07	A0260	TU	2033-2034	anticipada
Buxán Bran, Xosé Manuel	H07	A0260	TU	2033-2034	
Barreiro Rodríguez-Moldes, M.ª Covadonga	H07	A0260	AXD	2053-2054	

Saída a concurso de 48 prazas de PPL:
44 por antigüidade na acreditación e 4 discrecionais

Dpto.	Unidade docente	PRAZAS DISCRECIONAIS	FOLGURAS	Situación da área	CARGA SIGNIFICATIVA EN NOVOS GRAOS
H07	0260-P	2 PPL	-869	-1409 en 2 anos	Área en perigo polas xubilacións. Necesidade de atraer talento.
H09	0185-P	1 PPL	-1076	11 substitutos e 14 asociados, sen posdocs e só un predoc	Medra polo Grao en Deseño. Necesidade de atraer talento.
T08	0385-V	1 PPL	-500	Xubilacións recentes, con 600 horas impartidas por substitutos	

O reitor informa sobre as prazas discrecionais, sobre todo para informar aos novos membros de Consello de Goberno. Para necesidades concretas ben xustificadas, o reitor pode dedicar un 10%, de acordo cos sindicatos e aprobado na mesa de negociación. A medida é absolutamente meditada, as prazas cando saen son para que sexan útiles. Somos a universidade española que o está facendo ben, que máis dereito á promoción leva a cabo. Comprometémonos en baleirar as bolsas de catedráticos e titulares e o fixemos, como se levaba no programa de goberno, e agora estamos a estabilizar ao colectivo de axudantes doutores.

Intervén Jacobo Porteiro. Comparte a reflexión sobre as posibilidades que ofrecen as prazas discrecionais, pero quere comentar a discrecionalidade con respecto á praza de física aplicada. Non parece que teña dificultades para xerar doutores e captales e ao final fálase dunha xubilación, que pasa en todas as áreas e esta non a ve moi diferente a outras. Fáltalle información para entender esta opción.

Adela responde que non hai ningunha praza discrecional que non fora considerada cando a presentaba calquera departamento, e acordada na mesa de negociación.

Jacobo pregunta se calquera pode pedir unha praza de PPL discrecional ou unha de cátedra. A vicerreitora responde que si, pero evidentemente deberase facer unha negociación se hai máis peticións de prazas posibles, e na mesa de negociación débátese. Jacobo pregunta se no contrato programa xa se fixera esta petición discrecional. Adela responde que no papel contrato programa aparecían as prazas que se podían pedir, informados estaban totalmente. Jacobo responde que non sabe se todos os directores de Departamento coñecen esta posibilidade. A vicerreitora responde que todos estaban informados de forma oficial.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2026/2027.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa sobre estes criterios:

Informados favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 29 de setembro

Mesmos criterios do curso 2025/2026, coas seguintes modificacións:

GRAOS

No caso de cursos de nova implantación con carga docente básica, os departamentos responsables deberán asignar a docencia ás áreas de coñecemento para a actualización da carga docente destas. Así mesmo, deberase indicar para cada materia a súa lingua de impartición.

Informados favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 29 de setembro

Mesmos criterios do curso 2025/2026, coas seguintes modificacións:

MESTRADOS

As materias optativas que nos dous últimos cursos académicos non tiveran matrícula de estudantes propios novos, deberán ser substituídas por unha nova oferta.

Nos cursos de nova implantación deberase indicar para cada materia a súa lingua de impartición.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo para o exercicio 2026.

O reitor dá a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta a convocatoria:

Cambios das bases adaptado a COARA

Documentos acreditativos de **cinco méritos** obtidos no período 2022-2025 que se sometan á avaliación, presentados de acordo co anexo II da convocatoria. De presentarse máis de cinco méritos, a solicitude sairá admitida con defectos e deberá especificar, na fase de emendas de solicitudes, que méritos selecciona. De non realizar este trámite, entenderase que non se presentan méritos.

Só se terán en conta os **méritos detallados e autoavaliados** no «Formulario de relación de méritos e autoavaliación».

En cada un dos apartados, outorgarase un máximo de catro puntos á candidatura coa puntuación máis alta e o resto das candidaturas obterán unha puntuación proporcional a esta. Logo, as puntuacións dos apartados a) e b) ponderaranse de maneira que o apartado a) supoña o **70 %** e o apartado b) o **30 %** da puntuación total.

Só se poderá presentar **un mérito en cada epígrafe**. De non cumprir este criterio, non se terá en conta ningún mérito nese epígrafe.

Universidade de Vigo



A vicerreitora comenta que se falara incluso de facer unha transitoria, pero a Comisión de Investigación aprobou os cambios das bases adaptado a COARA.

Formulario de autoavaliación

Interesado/a:

Nome e apelidos:	Nome e apelidos
DNI:	DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade
Programa de doutoramento:	
Ambito:	

Narrativa:

Explica brevemente o CV presentado (axústese ao espazo dispoñible)

Relación de méritos:

MÉRITO Nº 1	Nome, título ou breve descrición	A encher pola CI
EPIGRAFE ONDE SE ATOPA O MÉRITO		Puntuación:
Nome do epígrafe onde se atopa o mérito		
Autopuntuación (puntuación que o/a candidato/a se outorgaría consigo co baremo)	Puntos	

Inclusión de novos apartados

IMPLICACIÓNS COA SOCIEDADE

Teranse en conta as seguintes actividades, sempre que se desenvolvesen durante polo menos un curso académico:

- Participar en órganos de goberno da universidade onde se realizaron os estudos de grao ou de mestrado.
- Exercer funcións de representación de estudantado universitario.
- Participar como titora ou titor en programas de mentorización universitaria.
- Colaborar en programas de atención á diversidade universitarios.
- Participar na dirección de asociacións universitarias rexistradas debidamente na universidade correspondente.
- Participar en programas de voluntariado universitario.

Para acreditar este mérito deberá presentarse un certificado emitido pola universidade correspondente onde conste, polo menos, o nome da actividade, a universidade e o período de realización.

Inclusión de novos apartados

DIVULGACIÓN

- Participar en programas de captación de alumnado universitario.
 - Participar en programas de divulgación científica en universidades.
- Para acreditar este mérito deberá presentarse un certificado emitido pola universidade correspondente onde consten, polo menos, o nome do programa, a universidade e o período de realización.

Inclusión de novos apartados

OUTROS MÉRITOS VALORABLES

- Realizar prácticas en empresas extracurriculares. Acreditarase mediante un certificado da empresa onde se realizaron e deberá xustificarse a súa natureza extracurricular.
- Realización de TFG/TFM en empresas, en ONG ou no sector público externo á universidade . Acreditarase mediante un certificado da persoa que titorizou os traballos e indicarse o nome da empresa.
- Ser deportista de elite. Poderase acreditar mediante calquera documentación que probe esta circunstancia.
- Experiencia laboral relacionada coa formación académica. Acreditarase mediante un certificado da(s) empresa(s) onde se detallen as funcións realizadas.
- Cursos de formación acreditados por organizacións académicas universitarias. Deberán presentarse os diplomas de realización dos cursos.

Novas puntuacións

BAREMO	Puntuación méritos
A. COMUNICACIÓNS en congresos, simposios e reunións científicas	
Internacionais	1
Nacionais	0,5
Se conferenciante internacional/nacional	1/0,2
A. ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN e participación en CAMPANAS CIENTÍFICAS fóra de Galicia ou da CCAA	
De 16 a 30 días	0,2
De 31 a 90 días	0,4
De 91 a 180 días	0,8
Máis de 180 días	1
A. OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS	
Licenciatura, grao ou equivalente	0,5
Diplomatura ou equivalente	0,25
Mestrado distinto ao que deu acceso aos estudos de doutoramento.	0,25
A. BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MECD	
Bolsas de colaboración en departamentos universitarios do Ministerio de Educación	0,5

Novas puntuacións

A. PRODUCCIÓN ARTÍSTICA		
Exposicións individuais e comisariados en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	Internacional	Nacional
	5	4
Exposicións colectivas e cocomisariados en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada.	Internacional	Nacional
	4	3
Exposicións individuais e comisariados en galerías de arte profesionais.	Internacional	Nacional
	3	2
Exposicións colectivas e cocomisariados en galerías de arte profesionais.	Internacional	Nacional
	1	0,5
A. COÑECEMENTO DE LINGUAS		
Nivel C2	2	
Nivel C1	1,5	
Nivel B2	0,5	
A. PREMIOS E DISTINCIÓNS		
Ámbito estatal (premios nacionais fin de carreira de educación universitaria)	1	
Ámbito autonómico (premios fin de carreira da comunidade autónoma para o alumnado universitario)	0,75	
Ámbito autonómico (premios de excelencia académica de grao)	0,25	
Premios extraordinarios fin de carreira de cada universidade	0,2	
Premios TFG/TFM con perspectiva de xénero	0,2	
Premios STEM de universidade para grao e mestrado	0,2	
Premios TFG/TFM concedidos pola universidade	0,1	

A vicerreitora comenta que a produción artística tamén tivo bastante debate na mesa de negociación.

Novas puntuacións

A. PUBLICACIÓNS	
I.1. Revistas	
TIPO A Q1	5
TIPO A Q2	4
TIPO A Q3	3
TIPO A Q4	1
TIPO B	0,75
TIPO C	0,5
I.2. Monografías e libros con ISBN/capítulos de libro	
Categoría CE 1	5/2,5
Categoría CE 2	4/2
Categoría CE 3	2/1
I.3. Participación en catálogos de exposicións de Belas Artes	
En espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afeccionada	2
En galerías de arte profesionais	1

Novas puntuacións

A. PATENTES	
Patentes con extensión europea en polo menos tres países	5
Patentes rexistradas en España en explotación	4
Patentes rexistradas	2
Prototipo rexistrado como modelo de utilidade	1
IMPLICACIÓNS COA SOCIEDADE	
Participación en órganos de goberno da universidade onde se realizaron os estudos de grao ou de mestrado	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Representación de alumnado universitario	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Titorización en programas de mentorización universitaria	0,1/ curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Programas de atención a diversidade universitarios	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Dirección de asociacións universitarias rexistradas debidamente	0,1/ curso académico ata un máximo de 0,5 puntos
Programas de voluntariado universitario	0,1/curso académico ata un máximo de 0,5 puntos

Novas puntuacións

DIVULGACIÓN	
Programas de captación de alumnado universitario	0,1/participación ata un máximo de 0,5
Programas de divulgación científica en universidades	0,1/participación ata un máximo de 0,5
OUTROS	
Prácticas en empresa extracurriculares	0,2
TFG/TFM en empresa	0,2
Deportista de elite	0,2
Experiencia laboral relacionada coa formación académica	0,2/ano ata un máximo de 0,5 puntos
Cursos de formación acreditados por organizacións académicas universitarias	0,1/10 horas ata un máximo de 0,5 puntos

Intervén a continuación Miguel Cuevas para pedir unha solicitude cara o ano que ven, que xa fixeron na mesa de negociación e repetiron na Comisión de Investigación, que é aumentar de 3 a 4 anos para equiparar como as FPU e as FPI e os contratos da Xunta, e permitir un verdadeiro POP. É moi complexo que no terceiro ano teña lida a tese e estea preparado para facer POP. E logo, en segundo lugar, é unha discrepancia que ten que ver cunha cuestión de xustiza, que afecta ao ámbito de humanidades. Se vemos a produción artística, un comisariado nunha exposición tería 5 puntos, que é o mesmo que tería un artigo A1, e non hai ningún tipo de racionalización. Fai unha comparación cos méritos do ámbito de humanidades, cre que están desfavorecidos na valoración. Un libro completo son 5 puntos, un capítulo de libro nunha editorial top, para non chegar nin sequera ata unha exposición colectiva, en espazos expositivos, con programación regular non afeccionada.

Tampouco se incorporou outro tipo de producións, como audiovisuais, con comunicación musical, con didáctica musical, a expresión corporal, relacionada con didáctica da expresión corporal. Cre que podería haber algún tipo de interese, non entende porque pode haber algún tipo de discrepancia. Fala sobre todo para que se metan méritos para o ámbito xurídico-social, amosa a súa discrepancia xa que as condicións son as mesmas. Cre que non son os mellores expedientes os que acadan as becas. Non critica isto, pero cre que deberían ir en igualdade de condicións, que os méritos sexan equivalentes entre si, senón estaremos facendo unha inxustiza. A cuestión de perspectiva de xénero, debe quedar claro que se vai entender como perspectiva de xénero, para que se entenda que é o que poden xustificar como perspectiva de xénero.

Intervén a continuación Rebeca Díaz para preguntar se o 70% é un decremento. A vicerreitora responde que antes era un 80%, agora é un 70%.

En canto ás palabras de Miguel Cuevas, a vicerreitora responde que se poden utilizar ese ano POP, porque normalmente participan nesta convocatoria cando levan un ano. O ideal sería que foran as mesmas condicións, considera que debería ser así con respecto ao número de anos. O que se falou é que non tiñamos ese ámbito de música, déronlle voltas a ese tema, discutiron ese tema, foi consensuado, non chegaron a unha votación, que unha persoa sexa quen de facer unha exposición de carácter individual e internacional cando está empezando, hai que valoralo. Di que o ano pasado foi

excepcional, xa non era o primeiro ano, o que quixemos sempre na Uvigo foi ter en conta o verdadeiro interese en facer investigación de calidade. Polo que respecta á perspectiva de xénero, si que o valoramos, a xente preocupase de incluíla, as veces non é doado, pero cre que se valora axeitadamente.

Consuelo Pérez intervén para preguntar se o criterio pódese cambiar, cando sobran dúas, a criterio discrecional, se crean por casualidade esas prazas en ciencias. Quizais sería bo que pondere o expediente académico dos estudantes. Un criterio de selección diferente. A vicerreitora comenta que aínda que se mudou o criterio, era o que se levaba establecido durante moitos anos. Dille que está totalmente equivocada, xa que non van a Ciencias, senón que se intenta que non caia algunha no ámbito científico. O temos establecido dende fai moitos anos. O reitor indica que eses datos poderíanse traer no próximo CG, cos datos pertinentes. Consuelo segue pensando que Ciencias sempre termina tendo unha praza máis. Máis tarde remite unha rectificación: “Quixera rectificar: Na resolución con data 22/03/24, 4 bolsas (ámbito C), 2 bolsas no resto dos ámbitos. Na derradeira resolución do 10/04/25, 3 bolsas (ámbito T), 3 no Humanístico (unha adicional por discapacidade) e 2 bolsas no resto de ámbitos. Na resolución do 16/01/2023, de novo 4 no ámbito científico e 2 no resto dos ámbitos”.

Miguel Cuevas quere aclarar que non está en desacordo co 70% 30%, facer ese cambio nos méritos no que a valoración das publicacións con respecto as exposicións é inxusta. A posibilidade de obter ese contrato ten que ser igual para todos. A vicerreitora di que non ten inconveniente en volver a levalo á mesa, e facer a comparación con transferencia, pero por cuestións de tempo sería moi difícil. O reitor di que se ven aprobado por unha comisión delegada deberíamos levalo adiante.

Rebeca Díaz intervén para dicir que ás veces hai inconsistencias entre tantas normativas que temos na universidade. Debería ser coherente co que se pide en transferencia.

O reitor di que o que está aprobado por Comisión de Investigación vaino presentar a votación.

Miguel Cuevas di que non é que lle doa o seu ámbito, senón que representa á parte sindical, e el defendeu tamén o ámbito xurídico social. El está en comisión COARA, na que estaban tamén os de Belas Artes. A reflexión ten que quedar enriba da mesa para o futuro. A vicerreitora responde que outra comisión COARA foi a que fixo esta proposta. E debateuse bastante.

Vicente Romo di que este asunto en ningún momento pódese adiar. Pide que no futuro se fagan os axustes necesarios para que sexa o máis xusto posible, sabendo que sempre haberá quen se sinta agraviado con respecto aos cambios que se fagan.

Procédese coa votación. Resultados:

A favor 21

En contra 1

Abstencións 5

Apróbase por maioría.

12. Aprobación, se procede, dos criterios de produción de investigación e de transferencia do ano 2025.

O reitor da a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa sobre os seguintes criterios:

Propostas de modificación da produción de investigación 2025 (elaboradas polo grupo de traballo CoARA)

- Engadimos un parágrafo destinado á explicación de CoARA.
- Contribución á ciencia aberta, mediante a inclusión no **INVESTIGO** de todas as contribucións seleccionadas (pídeno para os sexenios).

Criterios PT 2025 - Dicionarios

Propostas de modificación da produción de transferencia 2025

Modificar as puntuacións de elaboración de dicionarios

- Redúcese a puntuación segundo o número de entradas elaboradas.
- Valórase máis a elaboración dun dicionario completo.

H.2. Elaboración de dicionarios (dicionarios completos, entradas).	10
DOCUMENTACIÓN:	
- Vinculación coa Unigo segundo criterio xeral B	

Na avaliación de autoría de dicionarios, valorárase con punto cada cinco entradas, ata o máximo especificado, que se corresponderá igualmente coa autoría dun dicionario completo. No caso de publicación dunha nova versión dun dicionario, valorárase como máximo coa metade da puntuación.



H.2. Elaboración de dicionarios (dicionarios completos, entradas).	
DOCUMENTACIÓN:	
- Vinculación coa Unigo segundo criterio xeral B	
H.2.1 Elaboración de dicionario completo, de nova fábrica	15
H.2.1 Elaboración de entradas para dicionario, de nova fábrica (máximo)	10

No caso de elaboración de entradas para dicionario de nova fábrica, valorárase con punto cada 10 entradas, con máximo de 10 puntos. No caso de publicación dunha nova versión dun dicionario, valorárase a metade da puntuación tanto para o dicionario completo como no caso de entradas.

Criterios PT 2025 – Producción artística

G.1. Producción Artística: Obras e realizacións artísticas. Proxectos artísticos. Procesos artísticos. Innovación en medios e instrumentos artísticos. Documento-creación. Comisariado. Proxectos interdisciplinares.

DOCUMENTACIÓN:

- Vinculación coa Uvigo segundo criterio xeral B
- Evidencia do ámbito (local, provincial, rexional, estatal ou internacional)
- ~~Evidencia da existencia dun documento xerado (De ser o caso)~~
- ~~Evidencia da obtención dun premio ou da adquisición (De ser o caso)~~
- ~~Evidencia da canle de difusión (De ser o caso)~~
- ~~Evidencia de concursos, adxudicación ou patrocinio (De ser o caso)~~

Nota G) Os méritos relacionados coa creación artística valorarase ata a puntuación máxima indicada na táboa en función dos seguintes indicios de calidade:

a) Ámbito (local, provincial, autonómico, estatal ou internacional). Este indicio determina, excepto no G.4, a máxima puntuación a acadar. No caso de ser de ámbito local, a máxima puntuación sería un 20% da máxima do mérito correspondente. De ser provincial, un 40%. Autonómico, un 60%. Nacional, un 80% e internacional, o 100%.

b) ~~Documento xerado.~~

c) ~~Premio e adquisición.~~

d) ~~Canal de difusión.~~

e) ~~Concursos, adxudicación e~~

~~patrocinio. Haberá que presentar~~

~~evidencia da obra.~~



Universidade de Vigo

G.1. Producción Artística: Obras e realizacións artísticas. Proxectos artísticos. Procesos artísticos. Innovación en medios e instrumentos artísticos. Documento-creación. Comisariado. Proxectos interdisciplinares.

DOCUMENTACIÓN:

-Vinculación coa Uvigo segundo criterio xeral B

-Evidencia da obra

-Evidencia do ámbito (local, provincial, rexional, estatal ou internacional)

-Documento xerado

-Evidencia da premios, adquisicións, concursos, adxudicacións e/ou patrocinios (de ser o caso)

-Evidencia da canle de difusión (de ser o caso)

Nota G) Os méritos relacionados coa creación artística valorarase ata a puntuación máxima indicada na táboa en función dos seguintes indicios de calidade:

a) Ámbito (local, provincial, autonómico, estatal ou internacional). Este indicio determina, excepto no G.4, a máxima puntuación a acadar. No caso de ser de ámbito local, a máxima puntuación sería un 20% da máxima do mérito correspondente. De ser provincial, un 40%. Autonómico, un 60%. Nacional, un 80% e internacional, o 100%.

b) Premios, adquisicións, concursos, adxudicación e patrocinio.

c) Canal de difusión.



Criterios PT 2025 – Proxectos, colaboracións e convenios con empresas

Nota C) A suma total do ingreso en cada apartado divídese entre 25.000 euros, e o número resultante multiplícase polos puntos asignados (20 puntos se é o investigador principal 5 puntos se é colaborador). O investigador ou investigadora principal/responsable con dereito a valoración será quen figure como tal na memoria do proxecto/contrato asinado. As cantidades sempre se refíren ao ingresado pola Universidade de Vigo. Para acadar puntuación en cada un destes apartados, a suma total do ingreso en cada un deles deberá superar un mínimo de 25.000 euros no ámbito científico- tecnolóxico e 5.000 euros no resto dos ámbitos. Se computará a cantidade total do proxecto/contrato no ano da resolución definitiva/sinatura.



C. Proxectos, colaboracións e convenios con empresas:	Nota C
C.1. Importe das actividades contratadas de I+D (contratos, informes/ditámenes e cursos) con empresas e institucións.	
C.1.1. No caso de ser investigador principal.	20
C.1.2. No caso de ser colaborador.	5
C.2. Importe de proxectos de I+D+i colaborativa que inclúan unha empresa, como socio).	
C.2.1. No caso de ser investigador principal.	20
C.2.2. No caso de ser colaborador.	5

Nota C) A suma total do ingreso en cada apartado divídese entre 25.000 euros, e o número resultante multiplícase polos puntos asignados (20 puntos se é o investigador principal 5 puntos se é colaborador). O investigador ou investigadora principal/responsable con dereito a valoración será quen figure como tal na memoria do proxecto/contrato asinado. As cantidades sempre se refíren ao ingresado pola Universidade de Vigo. Para acadar puntuación en cada un destes apartados, a suma total do ingreso en cada un deles deberá superar un mínimo de 15.000 euros no ámbito científico- tecnolóxico e 3.000 euros no resto dos ámbitos. Se computará a cantidade total do proxecto/contrato no ano da resolución definitiva/sinatura.



Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, do cambio de nome do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, para explicar o cambio de nome:

Aprobado por asentimento na xunta directiva do IFCAE do 1 de outubro de 2025

Xustificación: incorporación de persoal investigador do ámbito da informática.

IFCAE: Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais

IFCAE: Instituto de Física, **Computación** e Aeronáutica

Universidade de Vigo



Encaixe nas liñas de investigación actuais do instituto

Fluidodinámica e termodinámica
Mecánica de fluidos computacional
Termodinámica e dinámica molecular
Técnicas de medida
termo fluidodinámicas avanzadas

Sistemas ópticos
Sistemas láser e aplicación Metroloxía e sensorización
Fenómenos cuánticos

Aeronaves non tripuladas
Operacións de aeronaves non tripuladas
Optimización de procesos
Realización de ensaios e prototipos

Ciencias aeroespaciais
Astrofísica e física do espazo
Mecánica orbital e análise de misión
Optimización de traxectorias
Sistemas de observación

Modelización e simulación
Modelización matemática interdisciplinar
Métodos computacionais avanzados
Desenvolvemento de software

Universidade de Vigo



A vicerreitora comenta todos os cambios que houbo nos distintos centros de investigación da Universidade de Vigo ao longo dos anos, sen problema algún, traendo os cambios ao Consello de Goberno, sendo aprobados. Este cambio ven dado pola incorporación de novos membros, do ámbito de informática, con temas variados que deberían reflectirse no nome do centro. Recibiu un escrito por parte dun membro da comunidade universitaria que non forma parte do Consello de Goberno, pedindo adiar o tema, pero non se puido traer por non ser membro deste órgano. Fai un relatorio de cambios de denominación de centros da UVigo, sen exposición pública, tomando a decisión en Consello de Goberno, como aconteceu nos casos de CINBIO e ATTlantic.

Intervén a continuación Rebeca Díaz para pedir a retirada do punto, non porque haxa un cambio de nome, senón pola maneira en que se fixo. O debate levouse a cabo en reunións na sede do Attlantic. Se non hai moita urxencia, debería darse máis tempo para que a xente fale. A vicerreitora di que non hai prisa, que non ten inconveniente en adiar o punto.

Intervén a continuación Jacobo Porteiro para pedir que se adíe este tema, se non hai prisa.

Intervén tamén Juan Carlos Ardao para dicir que o director de ATTlantic falou con el para dicirlle que xa cando nacera o IFCAE querían poñer o nome de tecnoloxías aeroespaciais, cando é algo propio de telecomunicacións, polo que elixiron outro nome. Cre que no fondo debería de reflexionar máis co nome, porque o de computación tamén orixina moito debate. Considera que se debería adiar o tema.

O reitor intervén para comentar dous temas: unha pequena reflexión é pensar que unha parte de coñecemento é propia de alguén, vivimos unha época de interdisciplinabilidade, a política científica debe ir por aí. A grande é a seguinte: os 3 campus deben estar en pé de igualdade, polo que o campus de Ourense ten que ter a liberdade para decidir o cambio de nome. Este instituto constituído en Ourense, ten dereito a decidir o seu propio nome.

Ardao cre que poderían retocar e meter os temas nos que traballan, intelixencia artificial, e que non haxa solape.

O reitor indica que se fará unha xuntanza en Ourense para debater sobre este punto.

Retírase o punto.

14. Aprobación, se procede, da substitución de Enrique Varela Álvarez por Pablo Cabanelas Lorenzo como vogal na Comisión de Publicacións.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa da substitución citada.

Por renuncia de Enrique Varela Álvarez proponse a súa substitución por Pablo Cabanelas Lorenzo.

A proposta foi aprobada pola Comisión de Publicacións.

UniversidadeVigo



Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, do nomeamento en substitución dun membro da Comisión de Permanencia e Progreso no sector de directores/as e decanos/as.

O reitor informa do nomeamento de Pedro Araujo en substitución de Consuelo Currás.

Apróbase por asentimento.

16. Corrección de erros no Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da UVigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen informa da seguinte corrección de erros:

No artigo 14.1, onde di:

«A adaptación consiste en establecer a equivalencia entre as materias ou os créditos, dun plan de estudos que se extingue, superados na mesma universidade e as materias ou os créditos do novo título ou plan de estudos que o substitúe. (...)»

debe dicir:

«A adaptación consiste en establecer a equivalencia entre as materias ou os créditos, dun plan de estudos que se extingue, superados na mesma universidade e as materias ou os créditos do novo plan de estudos que o substitúe. (...)»

Rebeca Díaz comenta que na mesma normativa hai un punto (artigo 22.4.b) na que se fala dos recoñecementos, baseándoos nos resultados de aprendizaxe. Estes son moi variables, porque non hai unhas directrices moi claras para a súa elaboración, así que propón que se revise esta parte incorporando, de algunha forma, tamén o temario. Así é máis sinxelo facer a comparativa. O reitor pídelle que se quere enviar unha proposta estudarase. Queda en enviar unha proposta.

Apróbase por asentimento.

17. Proposta de modificación do artigo 8.1 c) do Regulamento de prácticas externas do estudantado da Universidade de Vigo.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen explica que ten informe favorable da Asesoría Xurídica e da Comisión de Prácticas:

Artigo 8.1 c) sobre os requisitos para realizar prácticas extracurriculares

«Nas titulacións de mestrado, ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título. Nestes casos non é necesario ter en conta os créditos asignados ás prácticas curriculares ou aos TFM»

Proposta de modificación:

«Nas titulacións de mestrado, ter superado o 50 % dos créditos de primeiro. No caso dos mestrados dun só ano de duración, para este cómputo non se terán en conta nin os créditos do TFM nin os das prácticas curriculares»

Apróbase por asentimento.

18. Aprobación, se procede, do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.

Ten o informe favorable de Asesoría Xurídica, pasou por exposición pública e o reitor agradece o traballo da directora da Unidade, Raquel Rey. A documentación a teñen os membros de Consello de Goberno, desde a convocatoria do mesmo.

Miguel Cuevas intervén para dar os seus parabéns, é unha normativa moi necesaria. Bota en falta a presenza de representante sindical na Comisión. O reitor di que se fará en canto se poida. Miguel Cuevas di que ten que ser unha normativa viva.

Apróbase por asentimento.

19. Informe sobre a Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo correspondente ao 2024.

O reitor dálle a palabra a vicerreitora de Extensión Universitaria, quen dá unha visión sobre o seguinte documento:



- 15.º memoria, en relación ao curso 2023/2024 e ao ano 2024, sobre a base de estándares internacionais do GRI.
- Resultados de impactos ambientais, económicos e sociais que amosan o compromiso da UVigo coa transparencia e co rendemento de contas á sociedade e que coincide coa nova lei orgánica de funcionamento da universidade (LOSU)
- Verificada pola Fundación Haz (ránding de transparencia das universidades).

- Cap. 1. Código ético e normas de convivencia
- Cap. 2. Funcionamento
- Cap. 3. Axenda 2030 e ODS. Investigación e transparencia, especialización dos campus
- Cap. 4. Comunidade universitaria; alumni, igualdade e internacionalización

- Cap. 5. Xestión económica
- Cap. 6. Actuacións medioambientais
- Cap. 7. Compromiso social: extensión universitaria (cultura, voluntariado, deportes, lingua e cultura galega)

- Anexo I: Índice de contidos GRI: estándares temáticos para cada tema material.
- Anexo II: ODS da Axenda 2030 das Nacións Unidas, cos epígrafes da memoria.
- Anexo III: Outras memorias e fontes que fundamentan a memoria de RSU.
- Anexo IV: Metodoloxía para a elaboración da presente memoria.

Agradecementos á Unidade de Ánalises e Programas e a todas as vicerreitorías e aos respectivos servizos que contribuíron á súa elaboración.

O reitor comenta que se alguén quere indicar algunha cousa, a vicerreitora está a disposición. Non hai ningunha intervención.

20. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento dun membro da Comisión de Relacións Internacionais, sector estudantes.

O reitor sinala que a proposta é a seguinte: Ainhoa García Marcos, como membro da Comisión de Relacións Internacionais, sector estudantes.

Apróbase por asentimento.

21. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:

- **1 PAS.** Presentouse a candidatura de: María Carmen Paredes Chapela (Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao).

Non é necesario celebrar eleccións.

- **1 estudante do ámbito Campus do Mar.** Non se presentou ningunha candidatura.

22. Quenda de intervencións.

Intervén Jacobo Porteiro, con dous temas breves, con respecto aos espazos da ETEA. Quere saber se son en propiedade, ou cesión de uso. O reitor responde que non é en propiedade, senón en cesión demanial por un espazo de 40 anos, que está reflectido no convenio, que inclúe a Zona Franca, Xunta de Galicia e Concello de Vigo. Jacobo pregunta se está destinado xa a usos concretos. O reitor responde que non, pero é certo que no momento de solicitar o espazo dixemos que era para trasladar aí o Campus do Mar, incluso chamado Cidade do Mar. Outro tema, Jacobo pregunta outra vez por Medicina. O reitor responde que está en negociacións aínda. Jacobo insiste en se imos a solicitar xa a facultade de Medicina. O reitor responde que paga a pena esperar a ver que sucede coas negociacións.

Rosa Pérez quere facer unha reflexión sobre o proceso de Axudante Doutor, xa que pasan á fase de concurso os que consigan 54 puntos. Cre que algunhas prazas puideron quedar desertas por ese motivo. Dependendo de como se faga o baremo, pode producirse unha situación así. Solicita algún tipo de cambio. Houbo un resultado extremo, e comenta tamén que resulta moi incómodo ter que facer o concurso totalmente online, cando soamente unha persoa é da Universidade de Vigo. Todo o traballo queda enriba das persoas que son da UVigo.

A vicerreitora de Profesorado responde que a xente que se presenta a axudante doutor, como non necesitan acreditación, preséntanse moitísimas solicitudes. Están intentando buscar unha solución para que non queden prazas desertas, xa que as normativas son vivas e poden adaptarse. Hai unha excepción na norma, no caso en que estea xustificado, e apróbouse xa ás veces na COAP, aceptárase que non houbera catedráticos na presidencia en determinadas ocasións. Rosa Pérez engade unha pregunta sobre o caso de que unha profesora do Departamento tivese un fillo e collese un ano sen docencia e máis outro ano coa metade da docencia, permitiría ese caso ter unha persoa que a substitúa a tempo completo? A vicerreitora responde que si, a tempo completo. Mesmo se a persoa que está de baixa é axudante? A vicerreitora responde que os axudantes doutores son a tempo completo.

Miguel Cuevas comenta que o feito de non ter acreditación supón un esforzo maior, e polo tanto tense que poñer un límite, é importante poñer un límite, e por iso teñen un tribunal de 5 persoas. Fai

unha consideración dos Margarita Salas e María Zambrano, para saber cando van poder comezar a cobrar, e que sexa de oficio a actuación necesaria para realizar o pagamento. O reitor di que se negociará canto antes. O próximo mércores haberá unha reunión aberta para tratar este tema, e cobren de oficio e non a instancia de parte. Solicita á xerente que axilice os pagamentos, especialmente dun programa de doutoramento que invitou a unhas persoas para participar nas defensas de plans de investigación, e aínda non se realizou o pago.

A xerente di que tal como presentaron as solicitudes freouse o pago no servizo correspondente, pero agora mesmo cre que o tema está xa arranxado.

Virxilio Rodríguez fai unha pregunta en relación co grao en Dereito impartido pola UIE. Os contidos parece ser que non están directamente en relación co título, entende que non debería permitirse, e de feito a ACSUG ten denegado títulos pola coincidencia con outras titulacións. Pregunta se se mantén a cuestión de emprender as accións legais. O reitor responde que si, hai un grupo traballando que está estudando a vía do recurso a presentar, as tres universidades públicas galegas, requirindo á Xunta de Galicia información sobre o feito. O reitor di que a titulación xa está en marcha, hai alumnos matriculados, polo que seguramente o Consejo de Universidades quizais tomou unha decisión tendo en conta isto.

Rebeca Díaz insiste nunha petición que xa fixo en varias ocasións. As contas institucionais dos centros teñen unha capacidade de almacenamento en OneDrive da décima parte das persoais. Para poder almacenar a cantidade de documentación, vídeos, imaxes... que se teñen nos centros, é necesario ter (polo menos) dúas contas con capacidade idéntica á que teñen as contas persoais (1 TB). Desde o comezo do seu mandato está usando a súa conta persoal para poder almacenar a información da Escola, o que non debería ser. Parécelle que isto non é un tema técnico, senón unha decisión de tipo político. O reitor solicita que lle remita a carta de solicitude para estudar o tema.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:40 h. do día 10 de outubro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral